

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 15 DE MAIO DE 2008

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a quince de maio de dous mil oito, sendo as vinte horas e trinta minutos, ten lugar a sesión extraordinaria do Pleno municipal presidida polo alcalde-presidente en funcións, D. Francisco Mata Buyo, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista:

D.^a Alejandra Pérez Máquez
D. Jesús Vázquez García
D. Francisco Javier Santos Maseda
D.^a M.^a Begoña Calviño Dorado (PSdG-PSOE)

Grupo municipal do Partido Popular (PP):

D. José Eduardo Zapata Roel
D.^a Silvia María Vázquez Cardelle
D. José Luis Dans Medín

Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro
D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

D. Manuel Parga Fernández
D. Antón Sánchez García

Non asisten:

D. José Fernández Ramos (PSdG-PSOE)

Así mesmo asiste:

A interventora municipal: D.^a Laura Gutiérrez Ortiz
A secretaria xeral: D.^a M.^a de las Mercedes Fernández González

ORDE DO DÍA

PROPOSTA DE ACORDO EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN DO PERSOAL LABORAL DO CONCELLO DE BERGONDO, E INICIO DO PROCESO DE NEGOCIACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO DO DITO PERSOAL. *(Solicitado polos concelleiros dos grupos de Veciños de Bergondo e Bloque Nacionalista*

Galego, que constitúen 1/4 dos integrantes da Corporación, segundo o artigo 46.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local”

Dáse conta ós/as asistentes da acta da sesión da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno do día 10 de maio, na que consta a proposta aprobada cos votos a favor dos grupos municipais do PSdG-PSOE, VB e BNG e a abstención do grupo do PP, que transcrita literalmente di:

"Que se acelere a liña de traballo para elaborar os trámites necesarios encamiñados á redacción dun Convenio do persoal do Concello de Bergondo."

Toma a palabra o Sr. alcalde en funcións, Francisco Mata Buyo, e manifesta: o grupo de goberno mantense no dito na Comisión, entendemos que é un tema que non era necesario que viñera a un Pleno; aparte, era un trámite xa iniciado polo alcalde e estamos traballando sobre el.

Sra. voceira do PSdG-PSOE; Alejandra Pérez Máquez: nós nos ratificamos no dito na Comisión Informativa.

Sr. voceiro do PP, José Eduardo Zapata Roel: por parte do grupo municipal do Partido Popular, aprobar a proposta da Comisión, pero deixando claro que tampouco estamos de acordo coa celebración de este Pleno extraordinario, porque entendemos que a capacidade para convocar a Mesa negociadora é única e exclusivamente do Alcalde; cremos que canto antes comecen as negociacións para o Convenio Colectivo moito mellor para todo o persoal, traballadores deste concello.

Sr. voceiro de VB, Francisco Manuel Fafián Torreiro: nós fomos partícipes desta proposta e non temos nada mais que engadir.

Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández: unicamente instar ao Sr. alcalde para que acelere o proceso de negociacións, co fin de cando chegue o mes de setembro, outubro ou de novembro, cando se elabore o presuposto do 2009, para que as cuestións económica que poidan xurdir desas negociacións se poidan incluír no presuposto do ano que ven.

Puntualizar na acta da sesión informativa, recóllese que propoñen que a data aproximada sexa no mes de novembro próximo, polo que se entende que é esa a data para iniciar as negociacións, pero esa sería a data de rematalas.

Sra. Secretaria: entón, modifícase esa frase na acta, nese sentido.

Sr. alcalde en funcións: o grupo de goberno ratifícase no dito na Comisión Informativa, e se podemos telo antes de novembro mellor, de feito estase traballando xa no tema.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a Corporación municipal, aproban a proposta antes transcrita

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte horas e cincuenta minutos, remátase a sesión, por orde do alcalde-presidente en funcións, e redáctase a presente acta da que eu, a secretaria xeral, dou fe.

A secretaria xeral

V. e Pr.:
O alcalde en funcións
(Decreto 175/2008)

M.^a de las Mercedes Fernández González

José M. Francisco Mata Buyo